

RESUMO DA ACTA DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 30 DE XUÑO DE 2006

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**. Desculpan a súa asistencia as Sras. Herrero López e Uriz Tomé e os Sres. Galdo Pérez, Casteleiro Maldonado, Rodríguez Fernández, Cao Abad e Dopico Calvo.

1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor comeza a súa intervención anunciando que serán convocados os membros do Consello de Goberno para outra sesión do Consello de Goberno, que se realizará no mes de xullo.

O Sr. Reitor, despois de informar desta próxima convocatoria aos membros do Consello de Goberno, dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa do feito de que, desde o anterior Consello de Goberno, a Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica imputou ao exercicio corrente as obrigas xeradas no exercicio 2005 por un importe de 100.835,22 euros, de acordo co parágrafo primeiro da base 9.^a.2 do Orzamento e logo dos informes favorables do Servizo de Control Interno. Tamén dá conta de que a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno, conforme o parágrafo segundo da base 9.^a.2 do Orzamento e logo dos informes favorables do Servizo de Control Interno, validou expedientes de gasto e a correspondente imputación deles a créditos de 2006 de obrigas xeradas por un importe de 1.039.961,35 euros nas súas sesións do seis e do dezanove de xuño.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, que informa da concesión á Universidade da Coruña dun premio ao mellor catálogo editorial. Trátase, en concreto, do galardón na categoría de mellor catálogo editorial dos IX Premios Nacionais de Edición Universitaria, que recaeu no Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, pola súa orixinal factura, o seu deseño coidado e a súa utilidade na súa concepción.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen informa da relación de cesamentos e nomeamentos que figura no **ANEXO II**.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, QUE TIVO LUGAR O DÍA 2 DE XUÑO DE 2006

Apróbese por asentimento a acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno do día 2 de xuño de 2006.

3. PROPOSTA DE LIQUIDACION DO EXERCICIO DE 2005

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, que presenta a liquidación do orzamento do exercicio 2005, logo de recibir o visto e praxe da Comisión de Asuntos Económicos na súa sesión do 19 de xuño, salientando os seguintes puntos.

En primeiro lugar, que se consolida a situación de equilibrio orzamentario, ao obter o segundo superávit consecutivo (de 518.187 €) tras dous anos de déficit, na medida en que os ingresos (105,9 millóns de euros) medran polo incremento das transferencias correntes (fundamentalmente da Xunta de Galicia), mentres que os gastos (105,4 millóns) crecen sobre todo nos capítulos IV e VI. En segundo lugar, que se produce un grande avance na anulación de ingresos pendentes de exercicios anteriores, con anulacións por 3 millóns € concentrados nos exercicios 1999, 2000 e 2003, acadando o saneamento acumulado nas liquidacións de 2003 a 2005 a cifra de 6 millóns de euros. E en terceiro lugar, que hai unha gran mellora nos pagamentos, xa que os pendentes de se pagar ao finalizar do exercicio pasaron de 15,5 millóns en 2003 a 10,1 en 2004 e 1,7 en 2005.

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica conclúe a súa intervención felicitando expresamente ao Servizo de Xestión Económica polo seu labor.

O Sr. Reitor abre unha quenda de obxeccións e preguntas. Non se presentan obxeccións, mais si unha pregunta, formulada polo Sr. Arcay Varela, sobre as causas concretas da gran mellora nos pagamentos. O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica contesta que a tramitación máis áxil dos pagamentos descansa, loxicamente, en dúas condicións. En primeiro lugar, na mellora na tramitación, polo que reitera a felicitación ao Servizo de Xestión Económica, que fai extensiva aos negociados económicos. E en segundo lugar, na liquidez para facer fronte aos gastos tramitados, polo que quere felicitarse expresamente á Xerencia pola súa xestión de tesourería.

4. CONVENIOS E CONTRATOS

O Sr. Secretario Xeral informa sobre os 15 convenios, clasificados en convenios marco, convenios específicos e convenios para prácticas. Explica aos membros do Consello de Goberno que os convenios en cuestión inicialmente eran 16, pois na relación tamén figuraba o Acordo para a delegación administrativa na Fundación Universidade da Coruña do Convenio entre o Principado de Asturias e a Universidade da Coruña para a redacción do catálogo dos núcleos rurais do Principado de Asturias, que foi retirado da orde do día por petición do profesor Lizancos Mora, tras facer chegar á Secretaría Xeral o expreso desexo manifestado polo Goberno do Principado de Asturias de que a xestión do convenio se levase a cabo directamente pola Universidade da Coruña.

Os convenios en cuestión, que figuran no **ANEXO III**, son **aprobados** por asentimento.

5. CALENDARIO DE CURSOS DE DOUTORAMENTO

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, que informa dos trámites seguidos para a elaboración do calendario de estudos de doutoramento, que foi aprobado pola Comisión de Doutoramento o día 29 de maio de 2006.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participan os Sres. Valderruten Vidal e Navarrina Martínez.

O calendario de estudos de doutoramento, tal e como foi enviado no seu día aos membros do Consello de Goberno, **apróbbase** por asentimento.

6. LICENZAS E COMISIONS DE SERVIZO

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre a solicitude de licenza para os efectos de docencia e investigación para a realización de actividades investigadoras de D. Javier Pereira Loureiro (Departamento de Medicina-Facultade de Ciencias da Saúde), do 7 de xuño de 2006 até o 7 de novembro de 2006 (estadía no *Centre for Medical Engineering and Technology-University of Hull-Reino Unido*), que foi informada favorablemente pola COAP.

Apróbbase por asentimento a licenza cuxos detalles se recollen no **ANEXO IV**.

O Sr. Vicerreitor de Profesorado tamén informa sobre as solicitudes de prórroga de comisión de servizos formalizadas por D.^a Ana de Miguel Álvarez (Departamento de Socioloxía e Ciencia Política e da Administración-Facultade de Socioloxía), por D. Emilio Blanco Gómez (Departamento de Filoloxía Española e Latina-Facultade de Filoloxía), D. Joaquín Míguez Arenas (Departamento de Electrónica e Sistemas-Facultade de Informática) e por D. José Gregorio Iglesias Rodríguez (Departamento de Métodos Matemáticos de Representación-Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos), que foron informadas favorablemente pola COAP.

A concesión da comisión de servizos, cuxos detalles se relacionan no **ANEXO IV**, **apróbbase** por asentimento.

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre as catro solicitudes de licenza para o curso académico 2006/2007 en réxime de «ano sabático», formalizadas por D.^a Isabel Moskowich-Spiegel Fandiño (Departamento de Filoloxía Inglesa), por D. Luis F. Saavedra Mazariegos (Departamento de Socioloxía e Ciencia Política e da Administración), por D. Alfonso Barca Lozano (Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación) e por D. Educardo Miguel Pinedo Iglesias (Departamento de Construcións Arquitectónicas).

Apróbbase por asentimento as licenzas cuxos detalles se recollen no **ANEXO IV**.

7. CAMBIO DE AREAS DE COÑECEMENTO

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dá conta das tres solicitudes de cambio de área de coñecemento, formalizadas por D.^a Ana de Miguel Álvarez (de Socioloxía e Ciencia Política e da Administración a Filosofía e Métodos de Investigación en Educación), por D.^a Carmen Socorro Lema Fernández (de Métodos Matemáticos e de Representación a Economía Aplicada II) e por D. Juan Alberto Sucasas Peón (de Filosofía e Métodos de Investigación en Educación a Filosofía e Métodos de Investigación en Educación), que foron todas elas informadas favorablemente pola COAP.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Arcay Varela e o propio Sr. Vicerreitor de Profesorado.

Apróbase por asentimento informar favorablemente as solicitudes formalizadas de cambio de área de coñecemento, cuxos detalles figuran no **ANEXO IV**.

8. ADSCRICION DE PROFESORADO A DEPARTAMENTOS

O Sr. Vicerreitor de Profesorado segue co uso da palabra para dar conta da solicitude de adscrición de D. Evaristo Rodríguez Suárez (Máquinas e Motores Térmicos) ao Departamento de Construcións Navais, para deixar de ser membro do Departamento de Enerxía e Propulsión Mariña.

Apróbase por asentimento informar favorablemente a solicitude formalizada de adscrición do citado profesor ao departamento en cuestión, cuxos detalles figuran no **ANEXO IV**.

9. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DO PROCEDEMENTO PARA CUBRIR TEMPORALMENTE NECESIDADES DOCENTES

Explica detalladamente o Sr. Vicerreitor de Profesorado as concretas causas que aconsellan proceder á aprobación dunha nova normativa que regule o procedemento para cubrir temporalmente necesidades docentes. Igualmente, informa das características da norma en cuestión, mais tamén dos principais medios con que se pretende poder atender adecuadamente o normal desenvolvemento das actividades docentes que non poidan ser cubertas coas dispoñibilidades da área de coñecemento implicada.

O procedemento para cubrir temporalmente necesidades docentes, tal e como figura no **ANEXO V**, **apróbase** por asentimento.

10. NOMEAMENTO, SE PROCEDER, DE PROFESORADO HONORARIO.

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dá conta da solicitude de nomeamento como profesor honorario formaliza por D. Félix Doldán Tié, profesor do Departamento de

Economía Financeira e Contabilidade (Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais), que cumpre todos os requisitos esixidos para tales efectos polas Medidas incentivadoras para a xubilación voluntaria do profesorado dos corpos docentes universitarios da Universidade da Coruña, aprobadas polo Consello de Goberno na sesión do 26 de xaneiro de 2006.

Apróbase por asentimento informar favorablemente a solicitude de nomeamento como profesor honorario en cuestión, que figura no **ANEXO IV**.

11. PRAZAS DE PROFESORADO

En fin, o Sr. Vicerreitor de Profesorado informa das sesenta e tres prazas de profesorado solicitadas, a través das canles que legalmente corresponden, para os efectos da súa aprobación polo Consello de Goberno, que foron informadas favorablemente na COAP. Trátase de prazas que poden clasificarse en tres grandes apartados. En primeiro lugar, no apartado de prazas solicitadas en virtude do POD dos departamentos, que figuran no **ANEXO VI**, e cuxo número ascende a un total de corenta. En segundo lugar, no apartado de prazas solicitadas ao abeiro da quinta convocatoria de prazas a que aluden as disposicións transitorias dos Estatutos da Universidade da Coruña, que figuran no **ANEXO VII** e que son once. E en terceiro lugar, no apartado de prazas de axudante vinculadas a necesidades docentes e calidade investigadora, que son as doce (once na modalidade B e unha na modalidade A) que se relacionan no **ANEXO VIII**.

Esta relación de sesenta e tres prazas, nas condicións que figuran nos **ANEXOS** indicados, **apróbase** por asentimento.

12. REGULAMENTO DOS ESTUDOS OFICIAIS DE POSGRAO

Toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea para someter á aprobación do Consello de Goberno o Regulamento dos Estudos Oficiais de Posgrao da Universidade da Coruña, non sen antes informar detalladamente aos membros do Consello de Goberno do procedemento seguido para a súa elaboración, da finalidade que se persigue con esta normativa e do seu contido.

Ábrese unha quenda de intervencións para a formulación de suxestións globais e parciais. Nesta quenda prodúcese a intervención dos Sres. Fernández Cervantes, Vidal Romaní, Navarrina Martínez, Rego Veiga, Valderruten Vidal, Graña López, Naveira Fachal, Arcay Varela, Casabella López e González López.

O Regulamento dos Estudos Oficiais de Posgrao da Universidade da Coruña, que figura no **ANEXO IX**, **apróbase** por asentimento.

13. MODIFICACION DO PLANO DE ESTUDOS DE GRADUADO EN AVIACION COMERCIAL

O Sr. Reitor toma a palabra para someter á aprobación do Consello de Goberno a proposta de novo plano de estudos do título propio da Universidade da Coruña Graduado en Aviación Comercial. Trátase, segundo informa o Sr. Reitor, dun plano que rexistra cambios respecto do actualmente existente e a través do que se pretende facer máis atractivo o título en cuestión.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participan os Srs. Arcay Varela e Valderruten Vidal para sinalar que algúns departamentos da Universidade da Coruña que teñen relación directa coas materias que van ser impartidas non tiñan coñecemento delas por non seren previamente informados.

Coa abstención do Sr. Arcay Varela, **apróbase** a modificación do plano de estudos de Graduado en Aviación Comercial, que figura no **ANEXO X**.

14. REGULAMENTOS INTERNOS DA FACULTADE DE HUMANIDADES, DPTO. DE ENERXIA E PROPULSION MARIÑA E DPTO. DE TECNOLOXIA DA INFORMACION E AS COMUNICACIONES

Toma a palabra o Sr. Reitor para informar aos membros do Consello de Goberno que non se someterá á súa aprobación o regulamento interno da Facultade de Humanidades, ao se retirar da orde do día co fin de que se emenden as eivas advertidas na fase que precede á da aprobación no Consello de Goberno.

Queda posposta para a seguinte sesión do Consello de Goberno a aprobación dos regulamentos internos do Departamento de Enerxía e Propulsión Mariña e do Departamento de Tecnoloxía da Información e as Comunicacións, coa finalidade de esclarecer certas dúbidas legais sobre os mesmos, formuladas polo Sr. Naveira Fachal.

15. QUENDA ABERTA DE INTERVENCIÓNS

O Sr. Valderruten Vidal pide a palabra para insistir na necesidade de que se adopten todas as medidas que sexan necesarias para poñer fin aos problemas de espazo existentes na Facultade de Informática, algúns dos cales dificulta seriamente a incorporación de novo persoal docente e investigador e o traballo que este poida realizar. En resposta a súa intervención, toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea para indicarlle que xa comezan a adoptarse as primeiras medidas para resolver os problemas de espazo que afectan especialmente á aula de informática do citado centro.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.30 horas. De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e prace do Sr. Presidente.

Visto e prace

O PRESIDENTE

José María Barja Pérez

O SECRETARIO

Xosé Manuel Carril Vázquez